

Orientacións para a semana do 11 ao 17 de Maio



LUNS

- **Actividades de lóxica-matemática:**
 - Ficha ABN maio-menor e dobre. **(FICHA EN ANEXO)**
 - Ficha pezas dominó. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lecto-escritura:** Colorea e rodea a palabra correcta. **(FICHA EN ANEXO)**
- Con tapóns que teñamos por casa, podemos facer un memori. Facemos debuxos iguais, de dous en dous.



MARTES

- **Actividades de lóxica-matemática:**
 - Ficha casiña do 10. **(FICHA EN ANEXO)**
 - Ficha pinta como te indica o número. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lectoescritura:** Ficha encontra as 5 diferenzas. **(FICHA EN ANEXO).**
- A hora da merenda tamén pode ser un momento, para favorecer ademais de hábitos saudables, a imaxinación e creatividade. Deixámosvos varios exemplos:



MÉRCORES

- **Actividades de lóxica-matemática:**
 - Ficha pinta cada forma como indica. **(FICHA EN ANEXO)**.
- **Actividade de lectoescritura:**
 - Ficha crucigrama. **(FICHA EN ANEXO)**.
 - Ficha relaciona a palabra co seu debuxo. **(FICHA EN ANEXO)**.

Hoxe é o **día da familia**, así que vos deixamos unha alternativa para que poidades traballar en familia. **(TAMÉN EN ANEXO)**



XABÓN CASEIRO

INGREDIENTES

- 1 PASTILLA DE GLICERINA.
- COLORANTE ALIMENTARIO.
- ACEITES AROMÁTICOS OU AROMAS ALIMENTARIOS.
- MOLDES DE FORMAS.

PASOS A SEGUIR:

- QUENTAR A GLICERINA NO MICROONDAS PARA QUE SE DERRETA.
- BOTAR O COLORANTE E REMEXER.
- BOTAR O AROMA E REMEXER.
- VERTER NOS MOLDES E ESPERAR A QUE ENFRÍE 2 OU 3 HORAS E DESMOLDAR.

CEIP A GÁNDARA
15 DE MAIO DE 2020
DÍA DA FAMILIA

XOVES

- **Actividades de lóxica matemática:**
 - Ficha sumas. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lectoescritura:**
 - Ficha escribe a inicial de cada debuxo e descubre a mensaxe. **(FICHA EN ANEXO)**
 - Ficha sílabas locas 1 (payaso, muñeca, caracol). **(FICHA EN ANEXO)**.
- No día de hoxe, tamén podemos facer un tres en raia. Este é un exemplo, pero o podemos facer de moitas maneiras. Primeiro facemos o taboleiro, mesmo nun folio, e despois necesitamos fichas iguais. Por exemplo un pode xogar con tapóns e outro xogador con macarróns.



VENRES

- **Actividades de lóxica matemática:**
 - Ficha colorea na cuadrícula o lugar que ocupa cada forma. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lectoescritura:**
 - Ficha sílabas locas 2 (chupete,bañera,tenedor). **(FICHA EN ANEXO).**

Como é venres, imos retomar o **Proxecto de Exipto.**

En primeiro lugar imos ver un vídeo sobre os barcos en tempos do antigo exipto.

<https://www.youtube.com/watch?v=s5y13VBF8To>

E a continuación facemos a seguinte ficha.

(FICHA EN

Nombre _____ Fecha _____
Los egipcios también utilizaban el río _____
para pescar peces. Usaban unos barcos hechos de
papiro llamados _____

ANEXO)



(UTILIZAREMOS LAS PALABRAS: NILO Y BOTES).

IMPORTANTE: Como xa sabedes o método de **lectoescritura** que empregamos é o fonético, por iso os nenos e nenas coñecen as letras polo seu son, non polo seu nome. Por iso para eles vailles ser máis doado que na casa sigades este método que empregamos na escola.

Por outro lado, para traballar a **lóxica- matemática** empregamos o Método ABN. Este é totalmente manipulativo e por iso, antes de facer unha ficha no papel, os nenos/as deben manipular, xuntar, separar... obxectos (garabanzos, macarróns, pinturas...) que representen esas cantidades. Repetirémolo tantas veces coma sexa necesario. Cando vexades que o comprenderon, é o momento de plasmalo no papel, nunca antes. Para calquera dúbida, sempre podedes poñervos en contacto coas mestras mediante o correo electrónico.

TODOS OS DÍAS é fundamental ler un conto e facer actividades a través del: preguntas de comprensión, inventar un final, facer un debuxo relativo ao mesmo,

escribir o título, reler o conto metendo errores a ver se os nenos e as nenas danse conta.

Durante esta semana, podemos facer a lectura do conto “El topo que quería saber quién se había hecho aquello aquello en su cabeza”. **(CONTO EN ANEXO)**.